



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P MENÉNDEZ PELAYO

Rúa Serra de Outes s/n
27004 Lugo

Tfno.: 982 87 04 52/53 - Fax: 982 87 04 54

E-mail: ceip.menendez.pelayo@edu.xunta.es

Páxina Web: www.ceipmenendezpelayo.es

<https://www.facebook.com/ceip.menendezpelayo>



C.E.I.P MENÉNDEZ PELAYO

Criterios

para o

agrupamento

do alumnado





AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

O Centro conta con dúas etapas, a Educación Infantil e a Educación Primaria. A maioría do alumnado que se incorpora ao centro faino ao iniciar a escolaridade, en Educación Infantil.

Na actualidade contamos con dúas ou máis liñas en cada un dos niveis. O reparto de alumnado, por regra xeral, faise elaborando unha única listaxe de cada curso ordenada alfabeticamente para logo adscribilo a cada grupo repartindo alternativamente ó alumnado seguindo a orde alfabética.

CRITERIOS XERAIS DE AGRUPAMENTO

a.- Para o agrupamento do alumnado nas aulas teremos en conta os seguintes criterios:

1. Alumnado con NEAE constatadas, **alumnado de nova matrícula en período ordinario e repetidores** repartiranse ao 50% nos dous grupos **antes de iniciar a adxudicación por lista única**. De non ser pares iniciarase a adxudicación polo grupo A.
2. Orde alfabética alternativa.
3. Igual número de alumnado na distribución dos grupos.
4. Equilibrar o número de nenos e nenas nos distintos grupos de cada curso.
5. Rentabilización dos recursos humanos do centro (agrupamentos de materias optativas). O alumnado que escolla Francés , R. Evanxélica, Valores sociais e cívicos,.. porá agruparse nun mesmo grupo segundo o criterio organizativo do equipo directivo.
6. En caso de xemelos ou ben dous irmáns no mesmo nivel, escolarizaranse na mesma ou diferente aula en función das súas circunstancias persoais. Para ilo o D.O. elaborará un informe sobre a conveniencia ou non da súa escolarización na mesma aula, terase en conta a opinión dos pais que será preceptiva pero non vinculante.
7. Considerase nº de alumnos de cada aula no momento dunha nova matrícula a que figura no programa XADE e nos arquivos da Secretaría do Centro.
8. **Na confección das novas listas tentarase que o alumnado manteña en torno ao 50% dos compañeiros/as de aula do curso anterior.**



b.- Establecemos que sempre ao rematar o ciclo de EI e 2º e 4º de EP, farase un reagrupamento tendo en conta, ademais dos criterios anteriores, os seguintes:

- As dificultades atopadas, desfase ou desnivelación entre os dous grupos.
- Os informes internos e/ou externos ao centro do ámbito da Consellería de Educación que fagan aconsellable cambiar ao alumnado do seu grupo de referencia a criterio da dirección do centro.

Para este procedemento elaborárase tamén unha única listaxe por orde alfabética para distribuír de novo ao alumnado nas aulas aplicando previamente, si procede, os criterios anteriores.

Os reagrupamentos serán organizados durante o mes de xuño polas titoras e titores correspondentes que rematan ciclo e non continúan co grupo, oído o equipo de profesores que impartiu clase e asesoradas pola orientador do centro e o equipo directivo.

Xustificación:

Tendo en conta ao alumnado:

- Tratar de acostumar ao alumnado aos cambios.
- Minimizar as diferenzas ou rivalidades entre os grupos.
- Facer os grupos máis homoxéneos, atendendo á diversidade.
- Servir como medio de resolver dificultades:
 - ✓ Alumnado con problemas de conduta.
 - ✓ Acosos ou diferenzas entre nenos/as.

Tendo en conta ao profesorado:

- Evitar que as eleccións de titorías sigan criterios diferentes aos preestablecidos.



CAMBIO DE MATERIAS OPTATIVAS

Os alumnos que cursan Relixión Católica, Relixión Evanxélica ou Valores sociais e cívicos poderán facer o cambio de opción durante o mes de xuño de cada curso escolar e con efectos do curso seguinte.

O alumnado de nova incorporación durante o curso escolar elixirá a opción que desexe. No caso de xerar problemas de adscrición horaria incluírase temporalmente e durante ese curso escolar en Valores sociais e cívicos.

INCORPORACIÓN DUN ALUMNO NOVO

Todo alumno que se incorpora por primeira vez ao Centro co curso iniciado pasará, antes de asinarlle curso, polo Departamento de Orientación. É aconsellable e recomendable que o faga en compañía do seu pai, nai ou titor.

Con posterioridade a entrevista faráselle unha exploración inicial compatible coa avaliación inicial que se lle faga na aula con posterioridade. Si esta exploración inicial non durara toda a xornada lectiva o orientador comunicará a familia a hora a que debe recollelo.

Para incorporalo a aula será necesario que teña formalizada correctamente a matrícula na Secretaría do Centro.

Criterios:

Se hai diferente número de nenos, irá en xeral para a clase onde hai menos alumnos/as, pero terase en conta as características das dúas aulas:

- Se hai nenos con dificultades
- Se hai nenos con problemas de conduta.

No caso de que a clase teña alumnado con NEAE, consultarase co orientador, titores, especialistas e profesorado implicado nas dúas ou máis aulas.

Ademais da distribución do alumnado por aulas, abrimos a posibilidade de actuar con outro tipo de agrupamentos como grupos de traballo, obradoiros, grupos de apoio...



Para seleccionar os diversos tipos de agrupamento temos en conta:

- O modelo educativo do centro.(PEC y PCC)
- A observación real dos nosos alumnos e alumnas e da avaliación das súas necesidades.
- As posibilidades e recursos, materiais e humanos, do centro.
- A súa flexibilidade para adaptar os agrupamentos a certas actividades, áreas...